



EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA

ACTA

Expediente núm.:

PLN/2019/1

Órgano colexiado:

O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	7 de febreiro de 2019
Duración	Desde as 20:42 ata as 21:32 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
Secretaria	LUCÍA ARTIME ALONSO

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	ANA MARÍA ASOREY BREA	SÍ
[REDACTED]	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
[REDACTED]	CARMEN GÓMEZ OTERO	SÍ
[REDACTED]	EDUARDO JOSÉ DAVILA RODRÍGUEZ	SÍ
[REDACTED]	JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS	SÍ
[REDACTED]	JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN	SÍ
[REDACTED]	LUCÍA SEOANE ROSENDE	SÍ
[REDACTED]	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
[REDACTED]	MANUEL FERNÁNDEZ CERDEIRA	SÍ
[REDACTED]	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
[REDACTED]	MARIA MONTESERRAT MACEIRAS VICENTE	SÍ

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON (1 de 2)
ALCALDE ACTUAL
Fecha Firma: 08/03/2019
HASH: e0fa185473b971ec7bd0b6c538822d4



LUCIA ARTIME ALONSO (2 de 2)
SECRETARIA
Fecha Firma: 08/03/2019
HASH: d00ac2fac76acdfb9ec43bf7d9f9c86



ACTA DO PLENO

Número: 2019-0002 Fecha: 08/03/2019



Cód. Validación: 9W2VGNLECDW5Y4E7PY6CGFR4E | Verificación: <http://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 1 de 12



	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	M ^a DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	NEMESIO REY PAZOS	SÍ
	ROMÁN SUÁREZ PORTO	NON
	SILVIA NEIRA IGLESIAS	SÍ
	XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS	SÍ
	ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 10 DE XANEIRO DE 2019

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 10 de xaneiro de 2019, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

Expediente 6093/2018. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO EN RELACIÓN Á MOCIÓN DO BNG SOBRE A NECESIDADE DE CAMBIOS INMEDIATOS NO SECTOR ELÉCTRICO.

Desfavorable **Tipo de votación:** Ordinaria
A favor: 2,
En contra: 11,
Abstencións: 7

Ao tratarse dunha moción presentada polo grupo político municipal do BNG, toma a palabra o seu voceiro, **D. Xosé Magariños**, quen procede a expoñer a dita moción e que se transcribe literalmente de seguido.

"O nacionalismo galego defende que a enerxía debe ser entendida como un ben público e a política enerxética debe desenvolverse en base a esta consideración, superando a concepción actual como unha mera mercadoría legalizada polos gobernos centrais de PP e PSOE. Do mesmo xeito, o subministro de enerxía debe ter a concepción de servizo público e o seu acceso

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0002 Fecha: 08/03/2019



Cód. Validación: 9W2WQNLCECDW5Y4E7P76CGFR4E | Verificación: <http://aesirada.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 2 de 12.



debe ser un dereito garantido para todas as persoas por riba dos intereses económicos do oligopolio eléctrico. Porén, na actualidade, o sistema funciona en liñas totalmente contrarias a estes principios, favorecendo un prezo final da enerxía eléctrica imposible de soportar para moitos fogares e tamén para o tecido económico e produtivo de Galiza.

Un factor fundamental é que o actual sistema de xeración de prezos é totalmente opaco e inxusto. Mediante un mecanismo de poxa o prezo final da electricidade no mercado maiorista vén determinado polo prezo da última oferta en ser aceptada. Isto significa que posto que existen tecnoloxías que producen a uns custos moi diferentes, acabe marcando o prezo de forma habitual unha das tecnoloxías máis caras. Isto dá como resultado que se xeren os coñecidos no propio sector como “beneficios chovidos do ceo”, especialmente no caso de tecnoloxías case ou totalmente amortizadas, como sucede coas hidroeléctricas e a enerxía nuclear. Por poñer un exemplo, no último ano completo (2017) as tres maiores compañías eléctricas que operan no Estado español (Iberdrola, Endesa e a actual Naturgy) obtiveron uns beneficios 5.627 millóns de euros, un 3% máis que no exercicio anterior malia que 2017 foi un ano de seca que impactou de forma negativa en termos hidrolóxicos.

Por outra banda, hai que engadir que a electricidade ten unha fiscalidade absolutamente disparatada e excesiva, o que tamén incrementa o prezo final. Por exemplo, o prezo da electricidade ademais de ter diferentes impostos que se solapan, atópase no tramo máis elevado do IVE, no 21%, sendo un dos máis altos de Europa ao tempo que cuestións non básicas como as touradas ou un coche de luxo teñen un gravame menor. A única razón para que o IVE non se reduza é o afán de recadación do Estado.

Cómpre ter en conta tamén que Galiza tivo e ten un papel de produtor de enerxía que non foi escollido polos galegos e galegas, senón que é consecuencia dunha cadea de decisións alleas, moitas delas do período da ditadura franquista, e do que non obtemos compensación. Nesa función imposta de país produtor, xeramos enerxía para o consumo doutros territorios do Estado español, exportando unha media dun 35% de electricidade. Mentres outros territorios aforran os custos do impacto social e ambiental que sufrimos nós, Galiza non obtén ningún beneficio. Isto obedece a un deseño centralista do Estado español que, mentres nos adjudicaba ese papel, reservaba para outros lugares ser o centro da industrialización e do desenvolvemento económico.

Con este modelo, mentres Estado e eléctricas aumentan os seus beneficios e Galiza exporta enerxía, no noso país hai máis de 442.000 persoas que declaran non poder permitirse manter a vivenda cunha temperatura adecuada e a taxa de risco da pobreza incrementou nun 12,15% dende o 2009. Para combater a dificultade que supón o acceso á enerxía non son suficientes nin o bono social do Estado nin o ticket eléctrico da Xunta de Galiza, que chegan a unha porcentaxe moi reducida da poboación.

Non é de recibo que por riba de non beneficiármonos de producir, grazas ás políticas enerxéticas do Partido Popular, Galiza vaia pagar a factura máis cara do Estado. A posibilidade de introducir suplementos territoriais na tarifa eléctrica xa figuraba na Lei do Sector Eléctrico do ano 1997 e na vixente de 2013. Porén, foi a aprobación do Real Decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria de Rajoy o que converteu o que a Lei recollía como posibilidade en obrigatorio para o 2013. Resultado disto as eléctricas recorreron e o Tribunal Supremo deulles a razón en distintas sentenzas. Como

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2019-0002 Fecha: 08/03/2019



Cód. Validación: 9WZWNQNLCCDDWSY4E7PY6CGFR4E | Verificación: <http://aesirada.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 3 de 12



resultado, vaise repercutir o recadado en varios impostos nas facturas dos galegos e galegas para recadar arredor de 38 millóns de euros. Isto é un absoluto disparate, quen produce paga máis que quen non e as galegas e galegos imos recibir o tarifazo máis grande do Estado.

Desde o BNG defendemos que que Galiza ten dereito a controlar os seus recursos enerxéticos e para iso é fundamental poñer fin a esta situación de explotación colonial e reclamar capacidade normativa para poder tomar as decisións referentes a todos os aspectos do desenvolvemento enerxético. En canto a falta de soberanía política non nos permita desenvolver unha política enerxética propia en todos os aspectos, si é posíbel avanzar progresivamente para establecer medidas que compensen tantos anos de espolio sen recibir nada a cambio. Son decisións políticas que debemos tomar para corraxir un agravio histórico e por xustiza social.

Por todas estas cuestións, é imperativo demandar cambios inmediatos na regulación eléctrica para que a electricidade sexa un servizo básico e estean cubertas as necesidades sociais e económicas dun país coma o noso, tendo en conta que a xeración eléctrica leva aparelados elevados custos sociais e medioambientais que deben sernos compensarnos.

Neste sentido, unha tarifa eléctrica galega que abarate vía peaxes o prezo final da enerxía no noso país axudaría a democratizar o acceso á enerxía para todas as persoas e, asemade, contribuiría a asentarmos o tecido industrial e económico do país, frear a deslocalización e evitar a nosa desindustrialización.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte:

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a demandar do Goberno Central:

1. A inmediata redución do Imposto de Valor Engadido sobre a Electricidade do 21% ao 4%.

2. Que exclúa a Galiza da Orde definitiva para a tramitación respecto dos suplementos territoriais para o exercicio 2013, por atentar contra as competencias galegas en materia de tributación ambiental e por seren contrarias para os intereses do tecido social e económico galego, correspondendo ao goberno do Estado asumir os custos que poida ocasionar a aplicación das sentenzas.

3. Modificar a Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico de forma que se permita a regulación dunha Tarifa Eléctrica Galega que Galiza poida beneficiarse, pola súa condición de nación produtora de enerxía eléctrica, de peaxes máis baixas que permitan un abaratamento para os consumos domésticos e empresariais en compensación por soportar os custos sociais e medioambientais das instalacións de produción."

Intervén a voceira do grupo do PSdeG-PSOE, **Dña. Belén Louzao**, para manifestar que o seu partido coincide co fondo da moción, é dicir, coa necesidade de abaratar os custes no subministro da electricidade, protexer aos consumidores vulnerables e impulsar obxectivos de enerxía renovable para alcanzar estabilidade no sector; sen embargo o seu grupo considera que deberíase votar os puntos por separado, porque, no que respecta ao punto terceiro da proposta da moción, considera que non nos corresponde tomar esa iniciativa, e, debido ao anterior, se segue coa decisión de votar a moción no seu conxunto, o seu partido se absterá na votación.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2019-0002 Fecha: 08/03/2019



Cod. Validación: 9WZ2WQNL5CDW574E7PY6CGRR4E | Verificación: <http://sedelectronica.gal>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Páxina 4 de 12



Pide a palabra a voceira de Móvete, **Dna. Mar Blanco**, trasladando o seu apoio á moción obxecto deste punto, a pesares de ter claro que Galicia non pode de deixar ser unha colonia explotada e humillada mentres estea gobernada por lacaios preocupados por contentar a Madrid, xa que, con tal de contentar ao goberno central, non lles importa traicionar os intereses dos/das galegos/as.

Intervén o Concelleiro **D. Alberto Blanco Carracedo** para dicir que, de forma xenérica, pódese estar de acordo en moitos dos puntos da moción, pero non no plantexamento que se fai na súa exposición de motivos, xa que nela se di textualmente: *"O nacionalismo galego defende que a enerxía debe ser entendida como un ben público e a política enerxética debe desenvolverse en base a esta consideración, superando a concepción actual como unha mera mercadoría legalizada polos gobernos centrais de PP e PSOE..."*, lembrando que foi durante o goberno do PSOE cando se incrementou case un 70% o prezo da electricidade; pero, salvando o anterior, di que o seu grupo está de acordo coa demanda dunha rebaixa no IVE, así como nos outros dous puntos contidos na proposta da moción.

Continúa dicindo que, a pesares de estar de acordo coa moción, deberíase instar directamente ao estado español e non utilizar a Xunta de Galicia como mediadora, en todo caso se podería facer a través da FEMP ou FEGAMP. Así mesmo, informa que a Xunta ten feito unha serie de actuacións nesta materia, solicitando ao Goberno Central para que atenda a alegacións realizadas á Orde que establece os suplementos territoriais, advertindo que se esta petición non é atendida, entón solicitará a suspensión cautelar.

Para rematar di, que se o traslado do acordo a adoptar inclúe a parte dispositiva, é dicir, sen a exposición de motivos, e se inste ao Goberno Central a través da FEMP ou da FGAMP, entón o grupo de goberno apoiará a moción.

O **Sr. Xosé Magariños** di que o seu grupo manterá a moción tal e como está, ao considerar que a situación na que está o sector eléctrico é consecuencia directa das causas detalladas na súa exposición de motivos, considerando necesario facer esa reflexión, polo que se non están de acordo coa moción abstéñanse, polo menos, e poñan enriba da mesa unha moción propia e o BNG a votará a favor.

Non habendo máis intervencións, e

Vista a moción presentada polo grupo político municipal do BNG con data 06/11/2018 (2018-E-RCIP-3).

Visto o Ditame desfavorable acadado pola Comisión Informativa de Promoción Económica e Emprego na sesión do 31/01/2019.

Sométese a votación, rexeitándose polos votos a favor do BNG e MÓVETE (2), as abstencións do PSdeG-PSOE (7) e en contra do PP (11).

Expediente 456/2019. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2019-0002 Fecha: 08/03/2019



Cód. Validación: 9WZWCNLECDWSY4E7PY6CGPR4E | Verificación: <http://aes.srasra.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPúblico Gestión | Página 5 de 12



ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS EN RELACIÓN Á MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE MÓVETE PARA REPROBAR AO SR. ALCALDE POLOS CONTÍNUOS ATAQUES PERSOAIS E FALTAS DE RESPECTO Á SÚA VOCEIRA

Desfavorable **Tipo de votación:** Ordinaria
A favor: 9,
En contra: 11,
Abstencións: 0

Por tratarse dunha moción presentada polo grupo político municipal de MÓVETE, concédese a palabra á súa voceira, **Dna. Mar Blanco**, quen procede á súa exposición, advertindo que esta foi modificada na sesión celebrada o 31/01/2019 pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, de xeito que o reclamado na moción se estenda a todos os/as concelleiros/as da oposición que sexan obxecto dos ataques do Sr. Alcalde, a cal se transcribe a continuación:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os "ataques persoais" do alcalde aos/ás Concelleiros/as da oposición son continuos e públicos, pero en política non todo vale.

Dende comenzos da lexislatura o sr. Alcalde vén referíndose aos/ás Concelleiros/a dos grupos políticos da oposición con frecuentes faltas de respecto, mais a medida que avanzou a lexislatura o ton foi empeorando e no último ano, de xeito sistemático emprega un ton hostil e vexatorio para referirse a algúns edies.

Claramente o Alcalde exerce un abuso de poder a través do menosprezo persistente á labor dos demais concelleiros/as e chega incluso a manipular a reputación persoal e profesional a través do rumor, a calumnia, a denigración e a ridiculización.

Dita actitude é impropia en calquera persoa, pero, moito máis para quen ostenta o bastón de mando do goberno municipal. A actitude do Alcalde busca aniquilar a imaxe da oposición para manterse nunha posición de superioridade, destruír e negar a quen considera uns rivais políticos.

O Alcalde síntese cómodo na lei do máis forte ou do máis malicioso e manifesta unha vocación totalitaria ao vivir a presenza dos seus rivais políticos como unha ameaza e, entón, pon en marcha unha comunicación perversa sen límites cuxa pretensión é aniquilar a imaxe dos contrincantes.

Pero como Persoas que somos, debemos ser respectuosos cos que compartimos a nosa existencia.

Por todo isto, o Grupo Municipal de Móvete do Concello da Estrada, presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal os seguintes ACORDOS:

- 1. Reprobar ao Alcalde polas descualificacións persoais e polo ton hostil e vexatorio co que de xeito sistemático refírese aos/ás concelleiros/as da oposición.*
- 2. Os membros da Corporación Municipal comprométese a ser respectuosos coas persoas e non empregar ataques persoais como artimaña política".*

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2019-0002 Fecha: 08/03/2019



Cod. Validación: 9WZWNLECDW5Y4E7P76CGFR4E | Verificación: <http://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 6 de 12



Intervén a voceira do partido socialista, **Dna. Belén Louzao**, para trasladar o seu desacordo co que se teña que tratar este tipo de asuntos como unha moción nunha sesión plenaria, cando hai moitos asuntos máis importantes, ademais de considerar que este tipo de cuestións débense falar o debater nun ámbito privado e non público, o que deixa mala imaxe da corporación.

Continuando, di que o papel do Alcalde, como presidente deste órgano colexiado, é o de moderar nas intervencións, sendo o significado de “moderar” diminuír a intensidade e evitar os excesos e non causar debates a maiores e, dende logo, o saber manter as formas, funcións que hai que estendelas a fóra da das sesións e do Concello. Di que isto é aplicable a todos/as os/as concelleiros/as, porque non todo vale, sendo moitas as veces en que se perderon as formas, quedando constancia as actas plenarias, polo que o seu grupo apoia esta chamada de atención, porque o Alcalde ten que ser consciente do lugar que ocupa e, ademais, como presidente do Pleno débelle un respecto á cidadanía estradense, chamada de atención a que deben atender tamén os demais concelleiros/as da oposición, xa que todos/as teñen que ser conscientes de que certas actitudes están de máis.

Polo dito anteriormente, e polas manifestacións que o Sr. Alcalde ten feito moitas veces nos medios de comunicación e nas sesións plenarias, apoia a moción de Móvete, lembrando ao Alcalde que a súa labor é actuar en representación dos veciños e gardar as formas, ao igual que os demais membros desta corporación.

Toma a palabra o voceiro do BNG, **D. Xosé Magariños**, para dicir que, efectivamente, nas sesións plenarias pérdense as formas, cousa que sucede dende fai anos, non sendo unha situación ou actitude única deste mandato; sendo consciente tamén que moitas veces os debates saen do asunto a tratar para trasladarse a aspectos políticos non relacionados co tema fundamental, converténdose nun cruce de acusacións e insultos; exemplo do anterior é o que estamos a debater neste momento, porque si ben é importante, non é tan importante como para sometelo dentro da orde do día dunha sesión plenaria, cando o que debería estar debatendo sería asuntos da xestión diaria dun concello.

Finalmente continúa dicindo que é necesario cambiar as actitudes utilizadas nas intervencións plenarias e que o Alcalde faga a súa función de moderador evitando que os debates sexan tan broncos, sendo esta a razón pola que o seu grupo vai a apoiar esta moción.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, rexeitándose a moción polos votos a favor do PSdeG-PSOE, BNG e MÓVETE (9) e en contra do PP (11).

FÓRA DA ORDE DO DÍA

Antes de pasar á parte de Actividade de Control, o **Sr. Alcalde** pregunta se existe algún asunto ou moción para incluír fóra da Orde do día desta sesión.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2019-0002 Fecha: 08/03/2019



Cód. Validación: 5WZ6WJNLECDW5Y4E7PY6CGFR4E | Verificación: <http://aeestrada.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Páxina 7 de 12



Pide a palabra a voceira do Partido Socialista, **Dna. Belén Louzao**, para presentar unha moción de urxencia pola que se propón a ampliación das prazas de aparcamento na rúa Castelao aproveitando as obras de reforma dos Xardíns municipais.

Xustifícase a urxencia desta moción para a súa inclusión fóra da Orde do Día desta sesión en que, na actualidade, estanse a realizar as obras de movemento de terras dentro da fase inicial para a ampliación dos Xardíns municipais, non téndose realizado a día de hoxe ningún avance que impida efectuar o cambio proposto e que permitiría ampliar prazas de aparcamento libre na confluencia da zona de ampliación dos xardíns coa rúa Castelao; polo que considera necesario tomar esta decisión para efectuar os cambios necesarios no proxecto antes de que a obra siga avanzando.

O **Sr. Alcalde** considera que o obxecto desta moción non é urxente e pódese debater “a posteriori”. Di que o proposta da moción xa foi estudada no seu momento, pero os técnicos non viron moi claro que esta actuación encaixara no proxecto, ofrecendo a posta a disposición da oposición ao técnico que exerce como director da obra para que lles explique as causas ou motivos que lle levaron a dita conclusión.

A **Sra. Belén Louzao** considera que si se trata dun asunto urxente de tratar, xa que nestes momentos se están levando a cabo movemento de terras na zona e, se non se fai agora, despois habería que desfacer o feito na obra; ademais reitera a necesidade da existencia dunha zona de aparcamento nunha rúa céntrica.

De todos os xeitos, de non aprobarse a urxencia, presentará esta moción por rexistro para ser tratada na Comisión Informativa que corresponda, aínda que segue pensando que vai a ser tarde para ter en conta a súa proposta xa que a obra xa estaría moi avanzada para entón.

O **Sr. Alcalde** lle informa que a zona á que afectaría o suposto aparcamento non está incluída no proxecto, polo que tan só sería unha actuación a facer a maiores, informándolle novamente que esta actuación foi valorada e estudada no seu momento, pero os técnicos non a viron aconsellable. Ademais, considera que o Pleno non é órgano adecuado para tratar esta moción, xa que inclúe aspectos a tratar e valorar pola parte técnica municipal a través do procedemento que corresponda, é dicir, que a proposta que se plantexa débese efectuar por outras vías e non como unha moción de urxencia.

Finalmente sométese a urxencia a votación, non sendo aprobada polos votos a favor do PSdeG-PSOE, BNG e MÓVETE (9), e en contra do PP (11).

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 2 E O 31 DE XANEIRO DE 2019

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 2 e 31 de xaneiro de 2019 (ambos os dous incluídos), que van dende o número 2019-0001 ao número 2019-0113 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0002 Fecha: 08/03/2019



Cod. Validación: 9WZWNQNLCCDW5Y4E7P76CGFR4E | Verificación: <http://eestrada.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 8 de 12



C) ROGOS E PREGUNTAS

Antes de empezar coas quendas de rogos e preguntas, o **Sr. Alcalde** faille entrega á voceira de MÓVETE dun informe do departamento de Servizos Sociais que da resposta ás preguntas formuladas a esta sesión polo Sra. Mar Blanco, segundo escrito presentado con data 06/02/2019 (2019-E-RPLN-1).

Toma a palabra a voceira do PSdeG-PSOE, **Dna. Belén Louzao**, lembrando que había solicitado por rexistro de entrada o 28/12/2018 (nº de rexistro 10.900) unha relación dos obxectos tributarios do imposto de entrada de vehículos a través das beirarrúas e de reservas da vía pública para aparcamento, ao abeiro do malestar dalgúns usuarios por non aplicarse o mesmo criterio a todas as persoas que fan uso deste tipo de reservas; sen embargo, a día de hoxe aínda están esperando por dita relación ou contestación á súa solicitude e, o que é peor, no departamento municipal correspondente lle contestan que non teñen constancia desa solicitude.

Responde o **Alcalde** que non é sabedor dese escrito, pero se informará para saber onde está e se lle dará tramitación.

Intervén a voceira de Móvete, **Dna. Mar Blanco**, para trasladar os seguintes rogos: Que se mellore os servizos de limpeza da Casa das Letras, dos vestiarios do Pavillón Deportivo Manuel Regueiro e das beirarrúas do casco urbano.

Pregunta se se fixo algo con respecto ao muro da rúa Rosalía de Castro o cal está nunha das súas partes derruído, considerando que se debe tomar as medidas pertinentes antes de que caía na súa totalidade.

Pide, así mesmo, que sexa recollido o lixo que está ao redor do Punto Limpo, en concreto na pista que vai ao Monte Cabalar dende o cruce de Ferreiros.

Inicia a súa quenda o voceiro do BNG, **Xosé Magariños**, facendo os seguintes rogos:

- Que se aumenten as prazas de aparcamento para persoas con discapacidade e se controle o seu uso.
- Que se fagan as xestións necesarias con Augas de Galicia e Consellería de Cultura para que sexan realizadas as actuacións precisas para conservar a antiga fábrica de luz de Pina, por considerar que é patrimonio do noso concello e, de non tomar as medidas necesarias para a súa conservación, acabará derrubándose, sen esquecer que se atopa nun bonito entorno e de ter un valor antropolóxico e arqueolóxico moi importante.
- Que se proceda á reparación dun camiño que dá acceso a unha vivenda en Vendexa - Orazo, trasladando que lle parece que o Perito municipal xa a ten valorada.
- Que se pida subvención para a contratación persoal para a promoción turística do noso Concello.
- Traslada unha petición dos/das veciños/as da Avda Fernando Conde para que se manteña a pedra dos bordes dalgúns tramos das súas beirarrúas dentro das obras a realizar nesta rúa.
- Reitera a súa petición de que sexan limpadas as cunetas de Paramá.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0002 Fecha: 08/03/2019



Cód. Validación: 9W2WQNL ECDWSY4E7PY8CGFR4E | Verificación: <http://sestrada.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico. Gestión | Página 9 de 12



A esta última pregunta o **Alcalde** lle contesta que xa están limpas e proximamente procederase ao seu asfaltado.

Continúa o **Sr. Magariños** preguntando cando se vai a solucionar o problema de verquidos en Os Bolos, xa que de todos é sabido que é ilegal, sendo necesario actuar o antes posible por ser un perigo para a saúde pública, sobre todo coñecendo que o/a veciño/a responsable o sabe.

O **Sr. Alcalde** lle contesta que dende o Concello se estivo estudando e levando ese tema, vindo técnicos a analizar o problema existente, comprobándose que non se trata dun verquido público tal e como se dicía na prensa. Polo tanto, as actuacións a realizar ante dito verquido lle corresponde a Augas de Galicia.

Seguindo coa súa quenda de intervención, o **Sr. Magariños** reitera a súa petición de que sexa colocado un semáforo para peóns no último tramo da Avda Benito Vigo.

Resposta o **Sr. Alcalde** que existe un orzamento de 9.000 euros para facer unha actuación de regularización de tráfico nesa zona, o cal non só inclúe un semáforo para peón, senón tamén é necesario instalar un semáforo preventivo á saída da rúa da Baiuca. Di que podería facerse agora mesmo con cargo ao Orzamento prorrogado, pero Intervención considera que se trata dun investimento e non un gasto corrente e, como consecuencia, hai que esperar á aprobación do Orzamento para este ano; aproveita para dicir que espera que neste mes se poidan convocar as Comisións Informativas para a posterior aprobación do Orzamento, e así poder executar obras pendentes, entre elas esta da que se está a tratar.

O **Sr. Xosé Magariños** di que no Pleno do 25/10/2017, en concreto no punto que se trataba a ampliación da Alameda, o Alcalde pediu que se fixera unha votación nominal do acordo e así saber cales eran os concelleiros/as que estaban en contra ou a favor desa obra, e así quedara na historia do Concello; polo anterior pregunta a todos os membros deste Pleno asistentes a esta sesión (para que quede plasmada na nosa historia) e que nomea a continuación de xeito individualizado, se consideran que o proxecto de ampliación dos Xardíns que se está a levar a cabo é o mesmo que demandan os/as nosos/as veciños/as; se consideran acertadas as decisións que tomou o grupo de goberno de desfacerse de elementos singulares da nosa alameda (pérgola, muros, árbores taladas, etc.); se consideran que a medida de picar a pedra da praza da Constitución respalda a boa xestión dos nosos recursos; se consideran que o proxecto era suficientemente coñecido pola veciñanza e se estes están orgullosos do que se está a facer de cara ao futuro; e, por último, se están orgullosos do que se está a facer.

O **Sr. Alcalde** entende, ao anteriormente manifestado polo voceiro do BNG, que lle vai a servir moi ben para facer campaña ante as próximas eleccións e lle vai a quedar moi ben nas redes sociais, pero considera que o Pleno non está para estas cousas, nin para facer un vídeo promocional dun partido político.

Interrompe o **Sr. Magariños** para aclarar que se está no apartado de rogos e preguntas, e esa é unha pregunta clara, o se lle pode dicir que "os/as concelleiros/as non teñen por que contestar de xeito individual pero voulle a contestar eu", pero a partir de aí está a cumprir o seu papel como representante político dunha parte dos/das veciños/as de A Estrada.

O **Sr. Alcalde** reitera a súa opinión de que se trata dun vídeo promocional do seu partido político, porque neste apartado da sesión fanse rogos e preguntas

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0002 Fecha: 08/03/2019



Cód. Validación: 8WZ1WQJNLECDWSY4E7PY6CGFR4E | Verificación: <http://aesirgna.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 10 de 12



dirixidos ao Alcalde e, polo tanto, ese paripé que se está a facer de preguntar nominalmente aos demais membros do Pleno non procede. Indo ao fondo do asunto, o Sr. Alcalde pide que se deixe o proxecto da Alameda avanzar, di que é consciente de que se trata dun tema que xera debate e que non todo o mundo está de acordo con estas obras, pero moita xente que estaba en contra agora empeza a entender e ver o fin e o que vai a mellorar a nosa vila con esta ampliación dos xardíns; ademais di que os verdadeiros valores arquitectónicos existentes na Alameda (palco da música e edificio da casa do concello) respéctanse, xa que os demais elementos foron engadidos posteriormente en diferentes anos e que non tiñan valor patrimonial. Pide que se espere á finalización das obras para ver como quedan os Xardíns e así se poderá valorar a magnitude do proxecto e como transformará positivamente esta zona, aínda que é consciente de que o BNG nunca estará de acordo nin valorará este proxecto, xa que dende o seu inicio (expropiación...) xamais o apoiou, ao igual que outros grandes proxectos emprendidos por este grupo de goberno, e que despois demostraron a boa xestión e a utilidade destes. Polo anterior di que estamos nas antípodas do BNG, MÓVETE e PSdeG-PSOE, do que deixa constancias os feitos, esperando que os veciños se dean conta de onde está cada partido político.

Continúa dicindo que se estraña que a oposición se centre tanto nesta obra e non na de humanización da Avda Fernando Conde, obra demandada dende fai 30 anos polos/as veciños/as; que non falen do novo Centro de Saúde que se está a construír; tamén lle sorprende que non falen dos 2.300.000 euros destinados para asfaltados no rural; etc. Pero entende que á oposición só lles interesa o tema da Alameda, pero está convencido de que vai a ser unha obra espectacular e de moito impacto para A Estrada, o que o comparten todos os membros do grupo de goberno de maneira conxunta, como equipo que son, algo que non comparten outros grupos políticos da oposición que din na prensa unha cousa e despois cambian de opinión cando actúan en colectivo.

Defende a continuación o proxecto de ampliación dos Xardíns municipais a consideralo como un proxecto innovador que cumpre estritamente coa filosofía da EDUSI, pola que o seu grupo aposta e os demais grupos non, polo que entende que non poidan estar de acordo agora con este proxecto, cousa que entende, porque teñen que buscar ese marxe diferencial na política local, pero lle aconsella ao BNG que mire de quen se rodean, porque se a representatividade que teñen é un concelleiro e 11 persoas cunha pancarta nunha manifestación masiva un sábado á mañá, entón o respaldo que din que teñen....., porque a xente é bastante máis coherente e sensata e aposta por este grupo de goberno, grupo de goberno que ten credibilidade e merece un voto de confianza, esperando ver en que se materializa este proxecto de nova Alameda.

Por outra banda di que se está a cuestionar a labor dun grupo de goberno que está a cumprir co seu programa electoral e co compromiso adquirido cos/cas veciños/as, algo que non entende, porque están a criticar a un goberno por executar todos aqueles proxectos prometidos e que tamén criticaban no seu momento como algo imposible de levar a cabo. Pero, di que valora o traballo que está a facer como oposición o BNG, pero todo é tan fácil como esperar os tres meses que tarde en rematar o proxecto dos Xardíns e observar entón a opinión da xente.

Intervén novamente o **Sr. Magariños** para reiterar que este proxecto non se fixo con participación social (tal e como recoñeceu na prensa o propio Sr. Alcalde), e, se se fixera, este debate non estaría levándose a cabo aquí nin tampouco na rúa.

O **Sr. Alcalde** aclara que a sociedade non rexeita o proxecto, senón que están á expectativa do resultado, de feito, cando se estaba cos traballos da demolición, moitos cidadáns preocupáronse polo proxecto. Reitera que é un gran

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0002 Fecha: 08/03/2019



Cod. Validación: 9WZWNLECDW5Y4E7PY6CGRR4E | Verificación: <http://sede.estrada.es/electronica.gal>
Documento firmado electrónicamente desde la Plataforma esPublico. Gestión | Página 11 de 12



proxecto e que suporá unha transformación dunha zona cun altísimo valor urbanístico, un proxecto polo que o seu grupo de goberno aposta dun xeito decidido, sospeitando que se chegan a estar gobernando o BNG pode que agora houbera dúas torres de edificios no lugar, xa que apoiaba unha iniciativa privada de especulación urbanística e este grupo de goberno aposta por unha iniciativa pública con expropiación de terreos que incrementa o patrimonio de todos os estradenses.

En resumo, di que o seu grupo de goberno está orgulloso deste proxecto.

Antes de pechar a sesión, o **Alcalde** pregunta ao público asistente se queren formular algún rogo ou pregunta, ao abeiro do Regulamento de Participación Cidadá.

Non habendo máis intervención, levántase a sesión sendo as vinte e unha horas trinta e dous minutos do día do seu comezo.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

ACTA DO PLENO
Número: 2019-0002 Fecha: 08/03/2019



Cod. Validación: 9WZWQNLECDW5Y4E7P6CCGR4E | Verificación: <http://aeestrada.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 12 de 12

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233